

Le o seguinte caso clínico, referido ao caso nº 3 do exercicio 3 e responde ás

seguintes preguntas:

Pilar, de 85 anos e diagnosticada con Alzheimer en fase avanzada, elixe pasar os seus últimos días na súa casa. Rodeada dos seus fillos, netos e achegados, recibe coidados

paliativos a domicilio proporcionados por un equipo de profesionais que a visitan

regularmente para asegurar o seu confort e benestar. A súa familia, aínda que conta con

recursos limitados, organiza turnos para atendela e supervisar que teña todo o necesario,

mantendo un ambiente amoroso e próximo.

Durante este tempo, Dona Pilar mostra serenidade, e aínda que xa non se comunica con

claridade, os seus familiares perciben o seu agradecemento polos xestos de cariño e

compañía. A familia enfróntase a momentos emocionalmente intensos, pero valora poder

ofrecerlle a posibilidade de morrer no seu propio fogar, un desexo que ela sempre

*expresara.*a) Reflexiona sobre as vantaxes e inconvenientes que pode ter para Pilar e a súa

familia o feito de falecer na súa casa.

Vantaxes de morrer na casa:

1. **Ambiente familiar e cercano:** A morte no fogar permite que Dona Pilar estea rodeada dos seus seres queridos, ofrecéndolle un ambiente familiar, sen o estrés ou a frialdade que ás veces se percibe nun hospital. Este entorno cálido pode facer que os seus últimos momentos sexan máis reconfortantes tanto para ela como para os seus familiares.

2. **Maior liberdade e privacidade:** No fogar, a familia pode establecer unha rutina propia sen seguir normas estritas ou horarios fixos como ocorre nun hospital. Isto permite un coidado máis adaptado aos momentos de descanso e ás necesidades emocionais tanto de Dona Pilar como da familia.

3. **Ausencia de regras hospitalarias:** Os familiares poden estar presentes en todo momento sen restricións de visitas. Dona Pilar pode estar acompañada dos seus netos e de todos aqueles que desexen dicirlle un adeus, sen límites de tempo nin de cantidade de persoas.

4. *Menor percepción de medicalización:* Ao morrer na casa, evítase unha contorna excesivamente medicalizada, o que pode reducir a ansiedade e a tristeza ao non observar continuamente equipos médicos, dispositivos e o ruído constante dun hospital.

5. *Sensación de control:* A familia e a propia Dona Pilar poden manter un certo control sobre a situación, dándolle un sentido de dignidade e decisión ata o final.

Inconvenientes de morrer na casa:

1. *Claudicación familiar:* A responsabilidade de coidar a Dona Pilar durante o proceso

final recae na súa familia, o que pode resultar esgotador tanto física como emocionalmente. Os familiares poden experimentar tensión e cansazo, especialmente se non contan con axuda suficiente e deben asumir turnos de coidado sen descanso adecuado.

2. *Cuidados máis básicos:* Os coidados no fogar, malia o apoio do equipo de coidados paliativos a domicilio, son limitados en comparación cun hospital. A familia non sempre conta co adestramento necesario para aplicar coidados especializados ou para manexar síntomas complexos, o que pode xerar inseguridade e estrés.

3. *Conflitos familiares:* A toma de decisións sobre os coidados, os turnos e os recursos económicos pode xerar tensións e conflitos entre os familiares. Ademais, poden xurdir desacordos sobre cuestións tan delicadas como a sedación paliativa ou o momento de chamar ao equipo médico.

4. *Recursos económicos baixos:* A permanencia de Dona Pilar na casa implica algúns gastos en produtos de hixiene, medicación e equipamento (como unha cama articulada ou material de soporte) que poden resultar difíciles de asumir para unha familia con recursos limitados.

5. *Perda de intimidade e privacidade:* O fogar convértese nun espazo de coidados intensivos, o que pode afectar a vida cotiá dos familiares que residen alí e dificultar momentos de intimidade para eles, especialmente se o espazo é reducido.

6. *Dependencia de atención médica externa:* A necesidade de atención médica puntual obriga á familia a estar constantemente en contacto co equipo médico, o que pode xerar ansiedade e preocupación en caso de urxencias ou complicacións.

6. Le o seguinte caso clínico e responde ás seguintes preguntas:

Paciente: Roberto, de 38 anos, perdeu recentemente á súa nai, quen faleceu dun infarto hai un ano.

Descrición: Desde a morte da súa nai, Roberto non conseguiu retomar a súa vida normal.

Sente unha tristeza profunda, con ataques de ansiedade e chora frecuentemente. A miúdo

experimenta unha forte culpabilidade, pensando que podería ter evitado a morte da súa nai

se estivese máis pendente dela. Roberto aínda conserva intacto o cuarto da súa nai e non

permitiu que ninguén toque as súas pertenzas, afirmando que “todo debe permanecer tal como ela o deixou”.

Desde a perda, Roberto deixou de saír cos seus amigos, perdeu o interese nas actividades que antes disfrutaba e mesmo faltou varios días ao traballo. Evita falar da súa nai porque calquera mención á súa perda deixao devastado, e, recentemente, comezou a dicir que non atopa sentido á súa vida sen ela. Os seus amigos e familiares están preocupados, xa que, en lugar de mellorar, Roberto parece cada vez máis atrapado na dor e incapaz de avanzar.

a) Roberto está experimentando un dó patolóxico. Identifica cales son os factores de risco que poden influir en que isto sexa así. *Morte inesperada, repentina; sentimento de responsabilidade ou culpabilidade; dependencia da súa nai.*

b) Tenta modificar a historia de Roberto de xeito que o seu proceso de dó se convirta en normal.

Roberto, de 38 anos, perdeu recentemente á súa nai, quen faleceu dun infarto hai un ano.

Desde a morte da súa nai, Roberto experimentou tristeza e sentimentos de perda profundos, pero conseguiu ir retomando a súa vida pouco a pouco. Nos primeiros meses,

choraba con frecuencia e sentía un baleiro importante pola ausencia da súa nai.

Inicialmente, foi difícil para el adaptarse á súa ausencia, e pasou momentos de soidade e

dor, especialmente en situacións que lle recordaban á súa nai.

Con todo, Roberto permitiu que os seus amigos e familiares o apoiasen durante o proceso.

Aos poucos, comezou a falar da súa nai en compañía de seres queridos, lembrando os bos

momentos e recoñecendo o impacto positivo que ela tivo na súa vida. Nunha ocasión,

compartiu que, aínda que lamenta non ter pasado máis tempo con ela, entende que fixo o

mellor que puido dadas as circunstancias.

Roberto mantivo intactas algunhas pertenzas significativas da súa nai, pero pouco a pouco

foi permitindo reorganizar o espazo e integrar recordos da súa nai na súa vida de maneira

saudable. Tamén recuperou o contacto cos amigos e retomou algunhas das actividades que

antes disfrutaba, como facer deporte e ir camiñar. Aínda que a perda da súa nai o segue

afectando, Roberto sente que ela estaría orgullosa del por seguir adiante e retomar a súa

vida. Os seus amigos e familiares notan que, aínda que Roberto segue experimentando

momentos de tristeza, agora é capaz de lembrarse da súa nai cunha mestura de saudade e

gratidade, en lugar de afundirse en sentimentos de desesperanza.